

# PLANS DE ORDENAMENTO URBANO

Lois Manoel Toirán\*

*Os PXOUs ou PXOMs son os Plans Xerais de Ordenación Urbana ou Municipal, un instrumento do que dispoñen os concellos para, moito máis aló de ordear o crecemento urbanístico ou o desenvolvemento do rural, a ordenación do territorio: cales van ser os seus usos, incluíndo temas esenciais como economía, medio ambiente, infraestruturas, etnografía... ou mesmo a calidade de vida da veciñanza. Paralelamente leva consigo unha normativa que rexerá as futuras actuacións.*



Lois Toirán

Os espazos públicos estanse a eliminar para dar cabida ás novas edificacións

## PASOS PREVIOS

Na teoría estes documentos precisan para a súa planificación dunha serie de estudos iniciais sobre os que traballar, así como ter en conta a variada lexislación que deben recoller. Ao mesmo tempo deberan de reflectir tamén tanto as necesidades e sensibilidades sociais, como as propostas políticas dos gobernantes do que consideran o camiño a seguir. Pero indo máis aló, estes proxectos terían ao mesmo tempo que ter en conta aspectos comarcais, nacionais, estatais e mesmo internacionais. Aí temos por exemplo a AXENDA 21 ou o cambio climático, os espazos naturais, protección e fomento do rural, ou determinadas políticas galegas ou doutros niveis máis xerais, etc. A coordinación entre institucións debora ser fundamental.

Pero que é o que ocorre en incontábeis casos? Non é nada inusual, para o abraio de todo o mundo, que o propio equipo técnico redactor (que pode ser de Madrid ou de calquera outro sitio e descoñecedor da realidade) conte con cartografía incorrecta ou desfasada para empezar a traballar, con que non haxa nin se realicen catálogos correctos dos bens etnográficos, que non se teña en

conta zonas de inundacións e que nin aparezan inventariados os espazos naturais a protexer.

Por outra banda, mesmo se dan casos nos que o concello teña elaborada a Axenda 21 coa participación da veciñanza e que esta nin apareza mencionada nos estudos ambientais, económicos ou doutra índole nos documentos de ordenación. O mesmo pasa con temas como o cambio climático que quedan exentos e relegados a celebracións e actos propagandísticos do Día da Bicicleta, da Árbore ou doutras efemérides.

As leis de aplicación para estes plans como a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Territorio ou as leis sectoriais (Augas, Patrimonio, Estradas, ...) poden quedar situadas nun segundo plano ante as presións do sector da construción. O exceso de edificabilidade ata límites escandalosos é unha das características máis comúns destes proxectos de urbanismo en moitas localidades.

## A REALIDADE

A Xunta, como nunca sucedera antes, tivo que adoptar medidas para parar este sen sentido hoxe demostra-

do, por exemplo, coa crise da construción. Non faltou tempo para que empresarios da construción como a APEC (Asociación de Empresarios da Construción) saíran nos medios criticando calquera medida que procurara unha mellora da situación nun panorama desolador. Mesmo a Lei do Hábitat non se salvaba da "Lei do Tixolo" ditada por aqueles empresarios carentes de sensibilidade.

Milleiros de novas vivendas, millóns de metros cadrados urbanizábeis, novas autoestradas, circunvalacións, viais en xeral, poñíanse ao servizo dos construtores e dos seus patrocinadores-alcaldes nas cidades e vilas para espallar un estilo de vida, unha cultura que ignora os milleiros de vivendas baleiras ou aquelas outras abandonadas sen restaurar, agredendo ao medio rural (especialmente o máis próximo aos núcleos urbanos) e ao contorno natural e desoíndo aos colectivos veciñais e de todo tipo, como os colexios profesionais de arquitectos, xeógrafos, ... a maiores dos ecoloxistas. Aquí hai que resaltar como os novos viais son a ferramenta máis idónea da que se valen os urbanizadores para penetrar en espazos ata o de agora libres deste desenvolvemento insostíbel. O uso dos medios de transporte privados multiplicase e satura as novas vías de comunicación entre a cidade e as urbanizacións ou concellos - dormitorio lindeiros.

Por outra banda, ata o momento foi característico, especialmente das grandes cidades, o illamento e/ou aniquilamento dos núcleos rurais tradicionais e do solo rústico en xeral, nas súas distintas variantes de protección. A urbanización tipo chalé faise dona de determinados espazos, chegando a substituír a cultura, o estilo de vida e mesmo lugares característicos galegos protexidos do contorno rural e natural fornecedor de alimentos, de biodiversidade e de calidade de vida.



Por este lugar preténdese facer pasar a autoestrada de circunvalación que cruza o Miño en Lugo

Non se libran deste culto á construción os bens etnográficos: castros, camiños reais ou mámoas e conxuntos líticos quedan desfeitos ou sepultados baixo as construcións, se non hai alguén que denuncie a súa existencia e posta en valor.

Pensando nas cidades e vilas non debера ser posíbel que ante os enormes e numerosos polígonos industriais que

se instalan (non valoremos agora a súa idoneidade), que non veñan acompañados dunha liña ferroviaria de mercadorías como medio de transporte fundamental.

#### PERSPECTIVAS

Viuse como a política pola que a construción se convertera nun dos eixos do crecemento económico estaba fon-


damente errada. Pero o sentido común tamén aconsellaba a través das denuncias xa feitas dende hai décadas (sobre o crecemento negativo da poboación, as consecuencias do uso dos combustíbeis fósiles ou o mal uso das enerxías e a prol da protección dos nosos valores naturais e rurais) que os Plans de Urbanismo deberan ser un instrumento máis para o desenvolvemento sostíbel da sociedade. É visíbel e palpábel que numerosos concellos teñen problemas para a súa

tramitación, sexa por recursos presentados por particulares ou colectivos, sexa pola intervención da propia administración autonómica. Nunca houbo tantas leis. Só é necesario, e dun xeito urxente, que se cumpran.

Un cambio favorábel parece que se está a albiscar, insuficiente en numerosos casos. Este cambio na sensibilidade ten que percorrer e limpar, en primeiro termo, ás corporacións municipais e, despois, a todo un sector da sociedade que durante anos aprendeu que a especulación era un xeito de gañar cartos a costa do que fora, do noso contorno, da calidade de vida ou das economías familiares.

\* Lois Manoel Toirán é membro de ADEGA e da Plataforma: "Lugo, a mellor cidade do mundo!"

## NOVIDADES XERAIS



**XERAIS** 

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>